

O TIO MARCOS D' A PORTELA

Os mandamentos d'o MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguen,
falar o gallego enxebre,
cumprir c'o que manda a ley,
loitar pol-o noso adianto
con entusiasmo e con fé,
vestir calzós e monteira
peromnia século amen.



Teñen os pobos a gala
n-o seu linguaxe falar:
fálase chino n-a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n a Alemaña, alemán,
soilo os gallegosd' agora
bastra vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus país.

N-A CADEA.

Ano sétimo

Ourense 16 d' Agosto de 1885

Parrafeo noventa e un

POL-AS REIXAS.

N-esta postura cuásque me parezo a Macias o namorado, solamentres que non estou *mal ferido*, nin me deu ainda por me chamar *mal pocado*. Reméxome n-a gayola como podo e sulago n-estes baños de sombra a xeito d' os peixes n-as augas d' o río. Trece días levo n-a cadea e nin debezo nin medro. Sinto estranias por non respirar os libres, os ruxidores airiños d' as veciñas aldeas e báteme o corazón con mais forza cando escoito estrondar os foguetes de tres estralos, alá n-a calada noite, dende as foliadas que se fan n-as ermidas d' os arredores. Pero aquelas malancunias vánse como nubes de fume escorrentadas pol-o vento. ¡Que mais quixera o xastre e múseco d' a murga de Banga pra que se lle rubisen os vérmes á chola que me ver acoradiño! ¡Como se lamberian de gusto os que con vimios de Pontareas e de Trives fixeron de prèsa e correndo esta gayola que m' armou aquel quisque, que pra aldraxe d' unha relembra vila s' empoleirou n-a alcaldía!

¡Ora o demo! Non parés sinon qu' o melro que cando aletexa fora solamentres asubía sin xeito, háse quedar caladiño ó verse n-a xaula, dispondo de tempo e vagar pra deprender a cantar por solfa!

Dempois que lle dea ós papés o tempero e logo que saya d' estas angueiras, xa terán ocasión os d' a runfla d' os caciques de saberen qu' o TIO MARCOS é un bô melro. Namentres vamos afiando o pico e porparando as liñas pra que faga d' agulla enfiada e lle colla n-a puntada a moitos hastr' o redaño.

¡Que riseiros ollos non porá o Falparron ó fixalos n-a estampa que aparés entr' as reixas e n-aquel centinela qu' a caron s'alcontra c' o fusil ó brazo! Pois fólgame d' elo; eu tamen me comprazo en qu' as inxusticias s' encabalen n-as xusticias, e son gustante (chocheiras de vello) en que de cando en vez anden soltos os que deberan estar n-a cadea, e se vexan entr' as reixas os que debían andar soltos.

Pol-o d' agora son un preso en estado de canuto, un preso feito de pacotilla pr' o caso que non se lembra, un criminal fósil, un preso con cadea... n-o rilós, un *quis vel quid* d' a cárcere, un *rara avis* d' o museo correuencial d' o porvir, un arrestado feito de presa e correndo como se fan unhos zocos, unha cousa con mandamento de prision, un representante d' os presos en pasiva, un paréntesis d' a gramáteca parda, unha mioca d' os establecementos penales, unha figa pr' os malos alcaldes, un cataprasma d' a pousada d' o

número dazasete, y-un perdoavidas de todol-os zumezugas d' a curia, capaz de facer boas cantas arrautadas se fixeron dende Calomarde hastra Cánovas.

¿E vosté que será? Inda que a lua se convirta n-un pantrigo y-a auga d' o Miño en augardente, pra que tomen a parva todol-os parvos que como vosté conece andan pol-o mundo, non pasará de ser *aqueloutro* que xa vosté sabe, e que reza o decumentíño de marras.

Non me cabe n-a cabeza qu' estou n-esa gran alquitara de miserias e crimes que se lembra cárcere. 'O entrar n-ela metin sasenta e un garabanzos n-a faltriqueira pra contar os días que teño que pasar atarabelado. Render, renden, pero xa se van valeirando. Hastr' os ratos que xa campan de calvos pol-o vellos, m' axudan e me poñen boa cara, apesar d' aqueles bigotazos canosos com' os d' un garda civil retirado. Tirei n-o chau os primeiros garabanzos sin parar mentes n-eles; pero dempois caíndo n-a conta de que os meus novos amigos lle fincaban o dente, lonxe de tiralos ó desdén funos deixando cair á modiño. A runfla d' os animalíños pónsemel os pés rebulideira como dicíndome:—¿Non cai outro garabanzo?—Non vin maneira mais delicada de m' amostar que cobizan que se m' acaben os garabanzos pra que como os páxaros pol-os aires, saia libre d' a cadea. Pois non para inda n-esto a simpatía que me teñen. A falta de garabanzos deron en rillar os *considerandos* e *resultandos* d' a sentenzia, deixando solamentres tal como s'alcontra o promeiro *resultando*, que e' o gallo d' estar en gallego e de ser eles ratos rexionales, seica non s' estreveron a rillalo.

Por estas e por outras razóns que non son d' o caso, alcóntrome ben de corpo e d' alma. ¿E de concencia? ¡María Santísima! Lonxe de me remorder, nin me pestanexa desque fixen o feito. Eu non sei si moitos poderán tamén decilo mesmo.

A PONTE D' O DEMO.

Saude miña Galicia
pequeno anaco d' o ceo
que Dios puxo eiquí n-a terra
para qu' os homes en vendo
tanto feitizo acó xunto
maxinen que feiticeiro

e que fermoso e que doce
nou debe de ser o ceo.
Hay en tí, bosques sombrisos
e regatos marmoleiros
e fondosos vals froridos
e montoutos y-abanqueiros
y-un ceo azul e fermoso
y-un mare quediñ' e imenso
y-antr' os arbres ascondidos
mil paxariños parleiros
e noites craras e cheas
de docísimo mesterio.
Esto és tí, miña Galicia,
esto ti és, n-a qu' eu vexo
eiquí n-un val, unha ermida
qu' enche de fervor o peito,
aló n-o erguido curuto
as ruinas d' un castelo:
d' un monte ó pé, brancas chouzas
as que d' o sol a os reflexos
somellan brancas pombiñas
voand' antr' un bosqu' espeso.
Esto és tí, miña Galicia,
pequeno anaco d' o ceo
que Dios puxo acó n-a terra
para qu' os homes, en vendo
tanto feitizo eiqui xunto,
maxinen que feiticeiro
e que fermoso e que doce
non debe de ser o ceo.

Galicia! Cando lonxe de tí m' eualcontraba,
todol-os meus recordos soyo eran para tí,
e ¡cántas! cantas veces cand' eu en tí pensaba
pol-as meixelas miñas o pranto rosbalaba...
¡quízais non volvería xa nunca mais eiquí!

Mais non tan malfadada comigo foi a sorte,
e quixo te volveuse ¡miña Galicia! á ver,
e quixo que n-o trance tan triste coma forte
cand' os meus hosos veñ' á reclamal-a morte,
n-o teu chanciño poida cova ó meu corpo ter.

Cantei miñas lembranzas en terra forasteira
e nadia os meus doores, Galicia, comprendiu:
mais hoxe qu' á tí volvo ¡óhu terra feiticeira!
non verterei mais bágoas pois que vintura enteira
endes qu' á ver volvinche, meu corazon sintiu.

Non verterei mais bágoas! Cantand'as tuas grorias
irei d' a miña prob' e triste lir' a o son,
y-eu pátria, d' os teus fillos chamarei ás mamorias
contándolles antigas tradicionas historias
que pasman e s' ascoitan con admiracion.

Qué pouco son pra tanto? Qué non han valer nada
as cántigas qu' eu faga? Hastr' olvidal-o sei;
pro non en elas vexas jóhu miña pátria amada!
mais q'unha probe prenda d'unha alma antusias-
mada,
y-así comprido estonces meu afanar verei.

II

Fai centos de anos
 que n-o seu castelo
 vivian felices
 cheos de contento
 os condes d' Andrade,
 á quenes o ceo
 lles dera unha filla,
 lles dera un luceiro,
 pois era fermosa
 canto poden sólo
 n-a terr' as mulleres,
 as frores n-o outeiro,
 n-a mar as sirenias,
 os anxes n-o ceo.
 Minla se chamaba,
 segun contos vellos,
 que din qu' os amores
 niño n-o seu peito
 —com' o millor sitio—
 ô fin tiñan feito;
 e din que gardaba
 a nena o segredo
 d' os seus amoríos,
 d' os seus evaneos,
 sin mostralo á nadia,
 pois sempre tremendo
 estaba, soubesen
 amaba—¡mesterios
 d' a yalma!—á homildoso
 e probe mancebo
 que d' un rio que corre
 ô pé d' o castelo
 á outra veira tiña
 ô seu lar modesto.
 Ledan se chamaba
 y-era o seu emprego
 coidar d' ás suas cabras
 e d' os seus carneiros.
 Era un pastor probe
 aquel que n-o peito
 ispertou de Minla
 o amor: o mancebo
 xentil er' y-aposto,
 de longos cabelos
 rizados; de ollos
 moi grandes e negros,
 de ollar dóce e triste...
 Comprendías' ô vélo
 qu' encender poidera
 de Minla n-o peito
 un tan grand' amore
 e tan verdadeiro.
 Ama Minla e cala;
 Ledan fai o mesmo
 pr' ô fin, seus amores
 foron escubertos
 pois andan n-a boca
 de mozos e vellos
 d' os us e d' os outros
 maravilla sendo.

III

Era unha noite
 triste y-escura;
 todo en negrura
 somida está.
 Detrás d' as nubes
 a branca lúa
 a lume súa
 foi acochar.

N-unha barquiña
 Ledan, lixeiro
 o marmoleiro
 rio cruzou
 e d' o castelo
 ô pé correndo
 suas maus batendo
 Ledan chamou.

Por unha porta
 a namorada
 Minla saliu
 e d' os amantes
 rebustos brazos
 n-os dôces lazos
 a nena caiu.

Dempois n-a chouza
 d' o namorado
 xentil mancebo
 est' olvidado
 d' o mundo, a Minla
 se consagrou
 e sobr' os xoves
 o diós aado,
 Copido, as suas
 aãs espallou.

IV

Entramentras n-a chouza s' alcontraban
 Minla e Ledan
 d' o seu amor segredo parolando
 roxiu a tempestá.
 Os antres qu' atopaba n o camiño
 dobraba o vendaval:
 os lóstregos brilaban e tras d' eles
 os roucos tronos aubíanse bruar...
 As augas d' o Eume saironse d' o berce
 y-ancharcaron o val.
 Y-os amantes, estonces, asustados
 d' o seu amor deixaron de falar.
 Minla, abrazou, tremando
 á seu ben, á Ledan
 dicíndolle: —Meu ben, vóume x' é hora
 —Pro Minla, tí onde vas?
 preguntoulle Ledan; deixa que pase
 xiquer' o vendaval...
 Pr' ô fin Ledan, seu rogo conoscendo
 qu' enutil era xá

entr' as augas chimpouse
 à sua débrea barca pr' agarrar
 pro contr' as olas bravas
 loita e reloita en van,
 pois afrixida Minla mirar puido
 sin òs seus ollos fè lles dar
 com' as augas d' o rio agurgulladas
 cada vez aínda mais
 arrastraban cosigo
 o coitado Ledan
 que Dios tan sò dempois conoscer puido
 adonde foi c' o seu cadábre a dar.

V

Minla espantada
 quer entr' as sombras
 escobrir algo
 pro nada atopa.
 Por Ledan chama
 e soyo escoita
 subial-o vento
 coma resposta.
 Estonces Minla
 póstras' e chora
 y-a Dios, chorando,
 lle pide á volva
 ò seu castelo
 antes qu' a aurora
 co-a lume sua
 qrebant' as sombras,
 E pas' o tempo,
 pasan as horas
 y-a probe Minla
 qu' en van invoca
 de Dios o nome
 destonces, lonca,
 casque sin vida
 dí con voz rouca:
 —Si ò demo mesmo
 posibre fora
 antes qu' á lume
 d' a branc' aurora
 a espallar veña
 as negras sombras
 tender un ponte
 riba d' as olas
 porqu' ò castelo
 chegar eu poida,
 eu lle daria
 canto a sua boca
 pedir poidera
 por mais que fora
 a miña vida.
 Si quizáis tola
 ¡ay Dios! volvinme
 Ti me perdona. —
 Aínda non Minla
 estas parolas
 habia dito
 cando d' as olas
 saíu un xóven
 que preguntoulla

—¿Dasm' á tua y-alma
 Minla?

—Si; doucha
 si a ponte tendes
 antes d' aurora
 porqu' ò castelo
 tornar eu poida.

—Minla

Destonces, Minla
 a namorada
 viu acorada
 unha asombrosa
 triste vision
 qu' a un tempo mesmo
 enche de loito
 y-alegra moito
 seu corazon.

—Milleiros

de demos
 bruaban
 brincaban
 voaban
 corrian
 pasaban
 volvian

d' acá par' alí
 as pilas
 d' a ponte
 labrando
 e sentando
 y-as pedras
 sacando
 d' o fondo d' o mar.

—N-o ceo

os relampos
 brilaban;
 bruaban
 os tronos
 que daban
 á os homes pavor,
 y-as olas
 d' o rio
 muxían,
 roxían,
 en tanto
 as vencían
 d' o demo a lexion.

—D' un lado

pr' o outro
 mandando,
 pasando
 iba Satanás
 a obra
 qu' á hora
 d' aurora
 habia
 xa feita d' estar.

VII

O galo
cantou
y-o demo
tremou.

O dia ib' axiña
n-Ourente apuntar
y- apenas d' a ponte
vians' asomar
algús d' os pilares.
Destonces Satán
botou tan gran berro,
que s' oíu soar
á par d' o roxido
d' o atroz vendabal.

E cal si milagre fose,
a filla d' os condes viu
tanto aumetal-os obreiros
que sono seu tal creíu.

A ponte avantando iba
n-o medio d' a confusion,
que d' a escuridá era própea
e de noite tal de error.

Caían súpeto-estadas
y-os obreiros de Satán
sostiñanse n-o mesmo aire
hastr' outra estada chegar.

¡Ante tal, d' espanto
enchías' o corazon,
y-o seu latir sentía Minla
con mais precipitazon.

Pouco xa faltaba á ponte
e iba o dia x' alborear...
y-os obreiros traballaban...
e iba e viña Satanás.

VIII

Mais súpeto, d' unh' ermida
deixouse oír a campana,
anunciando que n-Ourente
o dia xa despuntaba,
y-o seu son, aquela tropa
de demos e de pantasma,
afundiuse d' o rio Eume
n-as agurgulladas augas.
Soyo Satanás n-a ponte
maldicindo se quedaba,
cando s' escoitou soar
a segunda batelada.

—Minla, ven, dixoll' o demo,
eu levareit' a tua casa,
eu levareit' o castelo:
ven, que x' os teus pais t' agardan.

—Minla, de Satanás quixo
fuxir todíña espantada,
pr' o demo seguíuna, e x' iba
n-os seus brazos á agarrala
cando n-a ermida sonou

a terceira badalada.
Satanás destonces, louco
guindou á Minla coitada
n-o chan y-él desapareceu
d' o rio dentro d' as augas.

IX

Cando, xa dia, os veciños
tendid' a ponte miraron,
quedáronse cal parviños
c' o qu' eles s' admiraron.

A sua familia, o conde
chama, e qu' a vexa tamen;
pro Minla zonda s' asconde
que non-atopou ninguen?

Somentres cando cruzado
s' houbo a ponte, s'alcontrou
o seu corpo nanimado
onde Satan o guindou.

¡Probe Minla! Quen pensara
d' o teu malfadado amor
que solasmentres durara
o que viv' a probe fror.

X

.....
Dend' estonces chamouse aquela ponte
A PONTE D' O DEMO,
y-hoxe, hoxe *Pontedeume* se lle chama
e inda mozos e vellos
si les preguntas quen a ponte fixo
dirán—*Señor, o demo,*
e contaranch' a historia d' os amores
de Minla, e d' o cabreiro
pernonciand' os seus nomes con visibre
relixioso respeto.

MANOEL AMOR MEILAN.

ROSALÍA DE CASTRO.

N-o *Liceo-Recreo* d' a Cruña celebrárase os
comenzos d' o videiro Setembre unha *velada lite-*
raria en laudes d' o xenio d' a nosa poesía galle-
ga moderna, de Rosalía Castro.

Premearáanse catro composicións, duas en cas-
telao e duas en gallego, que teñan mais de sa-
senta versos e menos de cen.

Os premeos, consistirán en pinturas de re-
lembrados artistas.

O prazo pra remitir traballos arremata o 25
d' o mes que corre.

Un tribunal presidido pol-a insine escritora
Emilia Pardo Bazan e composto de catro literatos
por ela escollidos, xuzgará o méreto d' as com-
posicións presentadas.

En cousas d' esta natureza non é xusto nin patreótico aduanar con críecas e reparos; mais como gallego enxebre que son, e nemigo de cimonias e carántulas, direi que me parece cativo o prazo que se concede, que non me sona ben que se lle ofrezan ós poetas pinturiñas como si foran pequerrechos d' a escola e que estreitalos n-unha corentena de versos é afogar a ispiracion, cortar as áas d' o xenio e botarlle un rebolo a fantasía, como si fose un ferrado de millo.

¿Non tería mais conta que o prémeo consistise n-un diploma de socio de méreto d' o Liceo-Recreo d' a Cruña e que a estension d' os versos se deixase á libertá d' os autores?

Si cicais vou descamiñado e ninguen pensa coma min, dispensen a descortesía e morra o conto.

¡AY QUE MIÑÁN!...

Pasei unha noite en Lamas;
levanteime pol-a fresca
e fun a pelal-a pava
estumballado n-a herba
á debaixo de uns castaños
que están pretiño d' a eirexa.
Sobre unha perna unha mau
e outra baixo a cabeza,
casqu' me pegab' o sono
cando vin vir á Carmela
traguend' o gando d' a corda
mui feitiñ' e mui direita,
que n-hay outra nena nova
mais cobisada n-a aldea.
Ten o color d' o senteo,
os lábios com' a sireixa,
dous ollos como duas moras
cando é o tempo d' elas
é un falar que volve tolo
á un home s' a oye cerca.
Gasta pañuelo n-o cuello
escalrata e con senefa
de froriñas mui miudas
con follinas amarelas;
traguía cinco medallas
colgadas n-a part' esquerda
d' o xustillo, e unha figa
mui laboreada e negra;
a camisiña era branca
de liño d' a nosa terra
e estaba muy pregadiña
n-os puños e n-as hombreiras;
refaixo de tarazona
que non cobre moit' a perna,
e uns zocos ¡ay! que zocos
os zoquiños de Carmela...
¡Veni' á Dios quen tal cortou!
¡Nunc' as suas mañas perda!
Como aquel que quer parola
funm' agarimando á ela,
porgunteille pol-os pais
sin conosellos seqnera,

pol-o cura, pol-a ama
e por tod' a parentela.
Contestoume con agrado
com' aquel que non resela,
díxome a historia de Xan,
un novio que foi pr' a guerra,
qu' er' o mozo mais garrido
e mais listo pra regueifa.
Faloume d' a seña Blasa
que bot' as cartas n-a feira
pr' os que van á perguntar
si cheg' a carta d' Amereca.
Dixo qu' a ama d' o cura
comeu fabas n-a cuaresma,
que lle sob' a roupa diante
e lle baixa n-a traseira,
mais outras cousas que agora
non me veñen á cabeza.
Collinlle a mau sin querer
e sin querer aperteilla,
díxenlle catro... ben ditas,
sin arrodeos e andrómenas
entendeume... eu entendina...
e d' esto xa mais non sepian.
Pra acabar solo direi
que tiña n-a faltriqueira
un ichavo d' a fortuna,
frangullas de pan resésigas
e un dente d' allo qu' é bõ
para escorrentar as meigas.
Est' é a historia d' a miñán
que deitado sobre a herba
pasei certo día en Lamas
parolando con Carmela.

(D' O Cicron.)

X. P.



Anque me vexo n-a cadea estou n-o cabo d' a
rua n-o tocantes á esculca d' o que pasa n-a vila.
Sei que anda un oso pol-a alameda, un oso que
non fai moito tempo que me pareceu lobo; sei
que dous namorados pónense á parrafear de noite
alá pol-o cruceiro d' a ponte por mais qu' esba-
ran n-as herbas; sei que catro maestras d' escola
foron pasadas ó Xuzgado pol-o tenor d' a Porta
d' Aire; sei que rifaron dous futuros cuñados e
que o hirmau d' a rapaza lle guindou a punta d'
a nariz d' unha navallada ó noivo en canuto, e
sei que dinantes d' apardecer e cando o sol se
bota de sulago pol-o poniente, o noso perito-poe-
ta Xan d' a Coba, dando de mau ós Cristos co-as
pernas trocadas, ás novenas que lle saen óperas,
ós san Antonios con cara de gardas civís y-ós

dramas que s' asomellan á *Boletis oficiales*, vai á paso de lebre camiñoño d' o Castelo O pai (con perdon) d' *O Tio Faceto* á boa hora se lembra de rondar á xeito de pantasma as portas d' a casa onde viven e non sei si beben duas lindas e churruqueiras rapazas. De vello gaitero.

E como se divertirán as endiañadas, oubindo recitar anacos d' a *Bella ourensi*, trozos en ermo d' os *Avisos ó labrador* e salayos esnaquizados á berros d' as *Benditas ánemas*.

D' as rapazas d' Ourense escámase D. Xan.

E non é solo, pois tamen outros andan ben escamados.



Un doctor italiano

contr' o cólera deume esta receta:

ed' as mulleres fuxir como d' o lume,

beber viño por xerras,

podendo ser d' o mais cheiroso e vello

que haxa n-a bodega,

e rindo e trouleando

tomar as cousas tal e como veñan.

¿Que morren trinta e sete cada dia?

¡pois que lles boten terra!

Pra lle dar os microbios un disgusto

velos con indiferencia,

facer co-eles cal se fai con Cánovas...

¡Como si non-o houbera!



A tradicion *A ponte d' o demo*, que vay n-este parrafeo, é d' o libro *Treboadas*, que viu a luz fay poucos dias n-o Ferrol, escrita pol-os aventaxados e novos poetas señores Amor Meilan e Muñiz e Bailli.

O tomiño recoméndollo a aqueles d' os meus compañeiros de monteira que cobicen alcontrar recreativa leutura animada pol-os latexos d' amor á terriña.



Alabado sea Dios, que xa encontraron os maestros d' escola co-a forma d' o seu zoco.

Eles coidaban que todo habia de ser insinar rapaces e non cobrar un carto, andar mortos de fame, e ser criados de tod' a xente d' o Auntamento dendes d' o alcalde hastr' o porteiro, con outras moitas ventaxas d' o oficio que de sabidas se calau...

¡Vállachos xuncras que eréron que lles iba a durar moito tempo esa vida de calóndrigo en tempos republicanos!...

Pois non señor, que pra algo habia d' haber unha capital que se chama Cuenca, un gobernador n-ela que se chama Mesoguer, e un *Boletín oficial*, onde ademais d' as listas eleutorales e outras falcatruas publica o dito gobernador cada circular que me rio eu d' os rayos e d' os pedriscos d' as últimas tormentas, e d' o cólera e de Vilaverde, todo xunto,

Pois unha d' estas circulares caiu sobre os fracos lombos d' os maestros d' escola como si fose unha chuvia de funguefrazos. N-ela dempois

de chamarlles pouco caritativos e outras froles pol-o xeito, dicelles que non deberan apartarse d' a cabeceira d' os enfermos d' o cólera, porque ese é deber seu, e non d' os médecos, nin d' as autoridás, nin d' os cregos...

Védel-o demo, e que cousas lle saen d' a cachola á estos gobernadores que agora s' estilan.

E por si esto era pouco, ainda pra que se consolen, dí que os tales maestros deben á beninidade e cachaza d' o Goberno que lles dá o pan (que non llo dá, quixo decir) o que non-os aforque provisionalmente, sin formarlles causa xiquera.

E será moi capaz de facelo si se lle sube o fume ás narices, que xa sabemos como as gastan os poncios canovistas, y-o de Cuenca é d' os enxebres. ¡Dios ll' o conserve moito tempo por alá!

A min tampouco me parece mal que lles aperten o gañote si ll' o alcontran, pois c' o esfameados y-espiritados que andan, vai haber que aforcalos en efixie como n-os benditos tempos d' o Santo Oficio, Pero ó mesmo tempo, como non é cousa de que s' acaben as escolas, propoño que se cubran as vacantes con axentes d' orden público d' os que mais se distinguisen n-a derradeira vilaverdada.

D' esta maneira os rapaces andarán direitos, porque xa é sabido que ten medo quen ten aquela cousa, y-esa témola todos pra servir ó Goberno.

E de faguerse esto propoño tamén que se nombre reitor d' esa Universidá d' o porvir ó actual gobernador de cuenca.

E sobre todo non olvidarse d' aforcar á eses larpeiros d' eses maestros. ¡Que vayan á ensinar de balde ó inferno!



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. M. A., Santiago.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. B. S., Carballiño.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Agosto d' o ano que ven.

D. V. B., Cruña.—Enteirado d' a sua carta.

D. M. D., Santa Maria de Nieva.—Recibin seis reás pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

D. F. A., Monterroso.—O mesmo.

D. X. G. V., Cea.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripcion hastra fin de Xaneiro d' o ano que ven.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o pais gallego.

SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçions é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

A COMPETIDORA D' A NEVE

GRAN FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rúa de San Miguel, 16, baixo, conserxeria d' a Union—OURENSE

Non terlle medo a raxeira
d' o sol, nin tampouco ô cólera
namentres haxa n-a Union
os sífos de gaseosas;
con levar n-a faltriqueira
dez cadelas en dez rodas,
pidir un sifon, e darlle
a un gancho que ten á volta,
pol-o canuto dianteiro
sai un auga que consola,
é fresquina como a neve
anque parés que afervoa:
fai ô bebelo, n-os labeos
non sei que xuncras de cóxegas,

que parés que os anxelinos
as maus n-os poñen n-a boca;
tanto n-os refresca e prace
cando pasa pol-a gorxa,
que asemella a auga d' o ceo
que por embudo n-os botan,
e cai d' un xeito n-o estomago
qu' o refrixera e conforta.
Non houbo un home n-o mundo,
que bebendo gaseosa
mórrese de indixestion
ou sentise a sede loba.
porque vos é unha bebida
que com' ela non hay outra